

## EN LUGO NON HABERÁ ASEMBLEAS DE COMITÉ

No Pleno do Comité celebrado o martes 6 de maio de 2008, a CIG presenta a proposta de celebrar Asembleas de Comité sobre a Negociación Colectiva, proposta que foi rexeitada por CCOO, UGT e STC, e apoiada por CIG e CGT.

Debemos recordar ó que indica o documento “Facilidades e Garantías Sindicais durante a Negociación do Convenio” onde se autoriza a celebrar unha Asemblea nos distintos centros de traballo despois de cada reunión da Comisión Negociadora. Celebradas xa 6 reunións, os sindicatos CCOO, UGT e STC consideran que aínda non hai materia suficiente para celebrar ditas asembleas.

Hai provincias onde se celebraron 3 e 4 roldas de asembleas: en Vigo levan 2 roldas e en Barcelona 4.

As Asembleas deben servir para o debate e o contraste de ideas, pero semella que en Lugo os traballadores non temos dereito a opinar nin a ser informados de primeira man polos nosos representantes no Comité.

Cando o Comité actúa de esta maneira debemos ser o conxunto dos traballadores quen esixamos a nosa participación no Proceso de Negociación, non debemos tolerar actitudes deste tipo, dirixidas a censurar a nosa participación.

Loita coa CIG pola defensa dos teus dereitos.

Non te limites a escoitar, faite oír.

Lugo 6 de maio de 2008